

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

6046 *Real decreto 257/2018, do 4 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro.*

O Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro, contén o cadro de enfermidades profesionais actualmente vixente no sistema da Seguridade Social. Desde esa data producíronse importantes avances nas investigacións e no progreso no ámbito científico e no da medicina que permitiron un mellor coñecemento dos mecanismos de aparición dalgunhas enfermidades profesionais e da súa vinculación co traballo.

O Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, contén a listaxe de enfermidades profesionais no anexo 1 e inclúe como anexo 2 a lista complementaria de enfermidades cuxa orixe profesional se sospeita e cuxa inclusión no anexo 1, como enfermidade profesional, podería considerarse no futuro.

As evidencias científicas demostraron que o po respirable de sílice libre, que pode adoptar a forma cristalina, é susceptible de provocar cancro de pulmón. Por este motivo, e posto que no anexo 2, grupo 6, co código C601, se inclúen as enfermidades provocadas por axentes carcinóxicos non incorporadas noutros puntos anteriores, modifícase o anexo 1, incluíndo como enfermidade profesional o cancro de pulmón en traballos expostos á inhalación de po de sílice libre.

Este real decreto adécuase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, en canto ao principio de necesidade queda xustificado nas evidencias científicas que fan necesaria a inclusión do cancro de pulmón por inhalación de po de sílice como enfermidade profesional, e no que concirne aos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica, eficacia e eficiencia, consegue o seu obxectivo da única forma posible, que é mediante a aprobación dunha norma con rango regulamentario, posto que así o prevé o artigo 2 do Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro.

Finalmente, cumpre o principio de transparencia en canto que, con carácter previo á elaboración do proxecto e conforme o previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, se substanciou o trámite de consulta pública co fin de solicitar a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola norma, aos cales se lles facilitou información ao respecto a través do portal web do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Así mesmo, de conformidade co previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, este real decreto someteuse ao trámite de audiencia e información pública mediante a súa publicación no portal web do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e de audiencia directa aos axentes sociais.

No seu proceso de tramitación, este real decreto someteuse a informe do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 5 e na disposición derradeira oitava do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e de acordo coa competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social, que o artigo 149.1.17.^a da Constitución española lle atribúe ao Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de maio de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro.*

No anexo 1, cadro de enfermidades profesionais (codificación), grupo 6, enfermidades profesionais causadas por axentes carcinóxenos, do Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro, engádese un novo axente R, po de sílice libre, subaxente 01, cancro de pulmón, co seguinte contido:

Grupo	Axente	Subaxente	Actividade	Código	Enfermidades profesionais coa relación das principais actividades capaces de producilas
6					Enfermidades profesionais causadas por axentes carcinóxenos.
	R				Po de sílice libre.
		01			Cancro de pulmón.
			01	6R0101	Traballos en minas, túneles, canteiras, galerías, obras públicas.
			02	6R0102	Talladura e puído de rochas silíceas, traballos de cantarías.
			03	6R0103	Traballos en seco, de trituración, cribado e manipulación de minerais ou rochas.
			04	6R0104	Fabricación de carborundo, vidro, porcelana, louza e outros produtos cerámicos, fabricación e conservación dos ladrillos refractarios a base de sílice.
			05	6R0105	Fabricación e manutención de abrasivos e de pos deterxentes.
			06	6R0106	Traballos de desmoldeamento, desbardado e desareado das fundicións.
			07	6R0107	Traballos con moas (puído, afinación) que conteñan sílice libre.
			08	6R0108	Traballos en chorro de area e esmeril.
			09	6R0109	Industria cerámica.
			10	6R0110	Industria siderometalúrxica.
			11	6R0111	Fabricación de refractarios.
			12	6R0112	Fabricación de abrasivos.
			13	6R0113	Industria do papel.
			14	6R0114	Fabricación de pinturas, plásticos e gomas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de maio de 2018.

FELIPE R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social,
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA